

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ECONOMICAS PRESENTADAS O PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA.-----

Sendo as 13:30 horas do día 12 de abril de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Luís Manuel Álvarez Martínez Concelleiro delegado da área de Urbanismo e actuando como vocais, don Angel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Antón Bao polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Luís Casais Fernández, titular da asesoría xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

Atópase presente no acto:

- en representación da mercantil Sanyres dona M^a Angeles Escuredo e dona Lucía Temez
- en representación da mercantil Enfermería de gestión sociosanitaria SL dona Oliva Rouco e don José Núñez.

A continuación o presidente da Mesa de Contratación abre a sesión informando que tódalas empresas presentadas foron admitidas á licitación; procedendo a continuación á apertura do sobre B) que contén a oferta económica co seguinte resultado:

1.- **SANIDAD Y RESIDENCIAS 21 S.A**, propón como prezo do contrato para a primeira anualidade a cantidade de **575,00** euros mensuais por praza máis o 4% do IVE (23,00 euros) polo que o prezo/praza mensual ascende a **598,00** euros IVE incluído desglosado como segue:

- custo de atención diario: 10,13 euros mais IVE (4%) total 0,40 euros.
- custo de manutención diario: 3,36 euros máis IVE (4%) total 0,13 euros.
- custo transporte diario: 5,68 euros máis IVE (4%) total 0,23 euros.

Oferta 3 prazas anuais gratuítas no propio centro a maiores das esixidas e nas mesmas condicións e horarios previstos no prego de prescricións técnicas.

2.- **MANUEL PEREZ PUENTE (CENTRO DÍA ABRITE)**, propón como prezo do contrato para a primeira anualidade a cantidade de **577,00** euros mensuais por

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: Acta sobre B)

Asunto:

praza máis o 4% do IVE (23,08 euros) polo que o prezo/praza mensual ascende a **600,08** euros IVE incluído desglosado como segue:

- custo de atención diario: 340,43 euros mais IVE (4%) total 354,05 euros.
- custo de manutención diario: 126,94 euros máis IVE (4%) total 132,02 euros.
- custo transporte diario: 109,63 euros máis IVE (4%) total 114,02 euros.

Oferta 4 prazas anuais gratuítas no propio centro a maiores das esixidas e nas mesmas condicións e horarios revistos no prego de prescricións técnicas.

3.-ENFERMERIA DE GESTIÓN SOCIOSANTARIA S.L., propón como prezo do contrato para a primeira anualidade a cantidade de **539.00** euros mensuais por praza máis o 4% do IVE (21,56 euros) polo que o prezo/praza mensual ascende a **560,56** euros IVE incluído desglosado como segue:

- custo de atención diario: 342,00 euros mais IVE (4%) total 355,68 euros.
- custo de manutención diario: 100,00 euros máis IVE (4%) total 104,00 euros.
- custo transporte diario: 97,00 euros máis IVE (4%) total 100,88 euros.

Oferta 7 prazas anuais gratuítas no propio centro a maiores das esixidas e nas mesmas condicións e horarios revistos no prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta as proposicións presentadas e os criterios de adxudicación incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares, as puntuacións obtidas polas empresas serían as seguintes:

	Oferta económica	Prazas gratuítas	TOTAL
SANIDAD RESIDENCIAS 21	25,92	21,42	47,34
MANUEL PÉREZ PUENTE (ABRITE)	24,58	28,57	53,15
ENFERMERÍA GESTIÓN SOCIOSANITARIA	50	50	100

Á vista do cal os membros da Mesa de Contratación, propoñen como oferta economicamente mais vantaxosa á presentada pola mercantil **ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L.**

Así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adxudicación o xustificante de atoparse de alta no IAE, certificados de non ter débedas ca Axencia Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social e unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml


Refª: Acta sobre B)

Asunto:

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

O PRESIDENTE,

Asdo.: Luis M. Álvarez Martínez



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz



MURALLA
patrimonio da humanidade

